




NOME E APELIDOS:

RESPOSTAS CORRECTAS:

BUSCANDO NO OPAC DA BIBLIOTECA

Podemos saber se hai ou non un libro ou outro fondo na biblioteca consultando o seu OPAC, é dicir, consultando o seu catálogo de fondos. Para facelo debes seguir as seguintes instrucións:

1. Localiza nun buscador de internet a páxina do noso instituto:




2. Entra na páxina no instituto:





3. Pulsa agora sobre o logo da biblioteca que encontrarás na parte dereita da páxina, accederás ao espazo da biblioteca:



4. Fíxate no menú que aparece sobre as fotos e pulsa onde pon “O noso catálogo”:




5. Localiza na páxina onde pon “buscar por” e realiza as seguintes procuras de fondos:
 - a. Busca por AUTOR se temos na biblioteca algún libro de XABIER LÓPEZ LÓPEZ, apunta aquí o número total de libros que temos deste autor e os títulos que atopaches:



- b. Busca agora por título (pero lembra que o artigo non se pon), quen escribiu ***Todo a cen?***
- c. Cantos exemplares temos na biblioteca do libro ***Poetízate?***
- d. Que editorial publicou o libro ***Diario de Greg?***
- e. Fai agora unha procura por MATERIA e apunta aquí cantos libros aparecen na materia AMOR:
- f. En que número na CDU está clasificado o libro ***Animales salvajes?***
- g. Que materia aparece indicada no libro ***Viaxe ao centro da terra?***
- h. Que materia ten o disco de **Luar na Lubre?** Cal é o seu número da CDU?
- i. Está dispoñible, é dicir, non emprestado actualmente na nosa biblioteca o cómic ***Asterix lexionario?***
- j. Copia aquí o rótulo do libro ***El niño con el pijama de rayas:***
- k. Hai na biblio algún exemplar de R. L. Stevenson? Cantos exemplares temos e cales son os seus títulos (copia só os títulos diferentes):
- l. Temos na biblioteca a película ***Ice Age?*** Cal é o seu rótulo?



6. Ás veces, todos os exemplares dos libros de lectura obrigatoria están emprestados na nosa biblioteca. Desde esta páxina podemos consultar os fondos das bibliotecas municipais, polo que saberemos se hai exemplares e se están ou non emprestados. Fíxate agora no menú que aparece á esquerda da páxina e pulsa onde di outras buscas. Verás que se desprega un menú e que nun deles pon “Bibliotecas no concello”, se pulsas nese enunciado aparecerá o seguinte:



Localiza agora a biblioteca do concello máis próxima á túa casa, entra nela, e escribe aquí:

- O nome da biblioteca:
- Cantos exemplares teñen do libro ***Cartas de inverno***? Quen é o seu autor?
- Cantos exemplares hai de ***Chamádeme Simbad***? Cantos están emprestados?
- Cantos libros de Agustín Fernández Paz teñen na biblioteca?